



CONCELLO DE  
**MEIS**  
(PONTEVEDRA)

Avda. Cambados, 67 - O Mosteiro  
R.E.L. Nº 01360280  
C.I.F. Nº P-3602800-I  
C. Postal 36637  
Teléfono: 986 71 20 01  
Fax: 986 71 53 00  
correo@concellodemeis.com  
www.concellodemeis.com  
www.meis.es

# B A N D O

## LIMPEZA E DESBROCE DE MONTES CIRCUNDANTES ÓS NÚCLEOS RURAIS

JOSÉ LUÍS PEREZ ESTÉVEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE MEIS  
FAGO SABER:

**PRIMEIRO:** Que segundo a lexislación vixente na materia, resulta obrigatorio, para os propietarios de calquera terren que estreme con pistas, camiños, estradas e outras vías de dominio público, manter a súa parcela coa biomasa xestionada correctamente, as obrigas concretas de tódolos propietarios serán:

1º.- Se a parcela dá fronte a unha estrada, deberá manterse libre de toda vexetación subarbusiva nunha franxa de 8 metros medidos dende a aresta exterior da vía á que dea fronte. As árbores deberán ter as copas tanxentes e estar podadas.

2º.- Se a parcela dá fronte a unha vía, pista ou camiño forestal, deberá manterse libre de toda vexetación subarbusiva nunha franxa de 2 metros medidos dende a aresta exterior do camiño ou pista á que dea fronte. As árbores deberán ter as copas tanxentes e estar podadas. En calquera dos dous supostos as pólas das árbores non poderán invadir o voo da estrada, vía ou camiño forestal.

**SEGUNDO:** Que nunha franxa de 100 metros ó redor de calquera núcleo poboacional sito a menos de 400 metros do monte, e tomando como liña base as estremas das parcelas con edificacións con licenza municipal:

- **Ata 10 metros (medidos dende as estremas)** os terreos libres de toda vexetación, incluído arborado.

**- De 10 a 50 metros:**

1º.- Eliminar pinos, mimosas, eucaliptos, brezos, acacias, retamas, fentos, silvas, toxos, carqueixas e brecinas.

2º.- O resto das especies arbóreas deberán manter unhas distancias entre elas de 7 metros, debendo estar podadas e coas copas tanxentes.

3º.- As herbas e matoxos deberán eliminarse

**- De 50 a 100 metros:**

1º.- As especies arbóreas deberán manter unhas distancias entre eles de 7 metros, debendo estar podadas e coas copas tanxentes.

2º.- As herbas e matoxos deberán eliminarse

**TERCEIRO:** Que o apartado primeiro deste bando resulta de aplicación en todo o concello de Meis, pero reviste unha especial importancia nas zonas próximas ós montes, o seu incumprimento dará lugar ás accións administrativas e legais pertinentes.

O que fago público para xeral coñecemento.  
Meis 19 de febreiro de 2009